

ENTREVISTA | **BEGOÑA CAAMAÑO** xornalista e escritora

## «A Penélope que debuxou Homero, desafortunadamente, segue existindo»

A comunicadora viguesa debuta na literatura con «Circe ou o pracer do azul», unha novela que revisa mitos clásicos

B.R. Sotelino  
19/01/2010



A xornalista Begoña Caamaño (Vigo, 1964) debuta na literatura con **Circe ou o pracer do azul**, unha novela editada por Galaxia na que se relata o que nunca se contou da historia de Penélope e Circe. A escritora imaxina outras historias non relatadas por Homero e evita seguir a Ulises para converter as mulleres en protagonistas do relato. Caamaño conta a historia dunha muller que leva once anos agardando polo retorno do seu home. Cando ao seu arredor moitas voces suxiren a probable morte do marido, recibe unha carta dunha estraña: unha muller misteriosa que a informa de que o seu home non só non está morto, senón que vive con ela un romance apaixonado. A partir de aí vaise tecendo unha relación epistolar entre as dúas que transcende mesmo a existencia do home; o esposo dunha e amante doutra pasa a ser só un pretexto para continuar coa correspondencia

**-¿Como xurdiu este debú?**

-A idea levaba moito tempo gardada no caixón. Non tivera o atrevimento, nin o tempo, nin atopaba o momento. Cando me decidín, o proceso fíxeno bastante rápido porque foi como un reto persoal. Tiven a sorte de que en Galaxia acollérono ben e con cariño.

**-Este é o seu primeiro libro, pero ¿ten a intención de seguir por ese camiño ou era algo que quería probar e xa está?**

-Non. A verdade é que quixera seguir. Teño ideas e ganas. Collínlle o vicio a escrita á marxe no xornalismo. Paralelamente xurdíronme outras ideas que non encaixaban nesa historia, pero fun gardándoas. Supoño que é como todo. Ate que te paras non te das conta. Teño ganas de contar

outras cousas, pero o que non sei é si serei quen. Seguro que **Circe** non será o único libro que escriba. O que non sei é si será o único que publique (risas).

**-¿Escribe ficción dende hai moito?**

-Non, o certo é que o meu é a realidade por deformación profesional. Quitando as cousas típicas que se escriben na adolescencia (e mellor olvidalas), non me dera antes por aí.

**-¿Interésalle especialmente a mitoloxía ou víñalle ben para o que quería plantexar no argumento de «Circe ou o pracer do azul»?**

-Gústame a mitoloxía porque bebemos das súas fontes en canto a construción de modelos e arquetipos, pero a mín o que me apetecía, precisamente, era revisalos e reconstruílos. A **Odisea** é unha obra que me parece fundamental, pero eu quería coller as personaxes femininas de Homero, darlles a volta e construír outro modelo de muller diferente.

**-¿É unha Penélope como sería hoxe en día?**

-A Penélope que debuxou Homero segue existindo no noso tempo, desgraciadamente para as penélopes. Ela é o referente fundamental do imaxinario masculino sobre o que ten que ser unha boa muller. Non é a Penélope descrita por Homero menos contemporánea que a miña.. Non estamos todavía as mulleres nunha sociedade onde esteamos libres de toda presión cultural e do arquetipo que construíron para nós e no que nos educaron. Todas nós somos fillas de Penélope. Sempre houbo mulleres rebeldes, que nunca aceptaron o seu papel, pero o que si é certo é que tiñan menos posibilidades para salirse da norma.

**-¿Identifícase con ela?**

-Non me identifico, aínda que son herdeira dela. A grande sorte que tiñan é que había un gran silencio ao seu redor. Homero fala das mulleres dende a percepción de Ulises, pero non sabemos nada do que elas pensaban, sentían ou querían. Entón pensei: xa que Homero non falou delas, voulle dar eu as palabras que el non lles deu.

Fonte: [http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2010/01/19/0003\\_8236723.htm](http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2010/01/19/0003_8236723.htm)  
[data de descarga: 22/03/2016]